

Hípica:

Alda Bandín van Loon unha “amazona” no noso instituto

Empecei este maravilhoso deporte cando tiña 8 anos. Primeiro montaba con chándal e tenis normais, pero co paso do tempo tiven que empezar a mercar un material máis específico.



O máis importante é o casco e logo fun mercando as botas e o pantalón. A roupa de concurso é diferente; o pantalón ten que ser branco ou amarelo claro, e hai que levar unha chaqueta de concurso.

A hípica é un deporte bastante caro, por non dicir moito, se queres concursar e participar en tódolos campionatos o desembolso que tes que facer é grande.

Eu adestro no club hípico Apalaosa, en Marcón, normalmente adestro dous ou tres días á semana xa que me queda moi

lonxe e teño que combina-la hípica co atletismo. Cada día de adestramento monto ó redor de dúas horas.

Participei no campionato galego o verán pasado e quedei subcampiona na categoría “Ponis C” con “Tanguy”. O campionato disputouse en Mondariz co club hípico Lema. A competición foi do día seis de setembro ó oito dese mesmo mes. O día cinco foi a revisión veterinaria, o seis a toma de contacto e logo o concurso de verdade. Fun na primeira posición durante todo o concurso pero un despiste fixo que finalmente quedara de segunda, o que foi un grande mérito se temos en conta que o nivel dos participantes era moi alto.

A parte desta competición fun a outras, como por exemplo á liga de Casanovas (Arteixo) que tivo lugar no picadeiro de Amancio Ortega, na cal non obtiven moi bos resultados xa que o cabalo que levei era novo para min e non o controlaba moi ben, pero aínda así foime bastante ben, xa que fixen 0 puntos, e dicir, non tirei ningún obstáculo ó longo dos dous días de competición

